

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL REALIZADA O DÍA 10 DE NOVEMBRO DE 2014**

=====

LUGAR: Sala de Xuntas do Concello de Cangas

DÍA: 10 de novembro de 2014.

HORA DE COMEZO: 20:20 h.

HORA DE REMATE: 21:00 h.

ASISTENTES:

Jose Enrique Sotelo Villar (alcalde-presidente), D<sup>a</sup> Berta Pérez Hernández, D. Bernardino Faro Lagoa, D. Pío Millán Blanco, D. José Luis Gestido Porto e D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Lucía Ledo Fernández.

AUSENTES: D. Rafael Soliño Costas e D<sup>a</sup> Dolores Gallego Santos.

SUPLENTE: D. Jesús Manuel Graña Graña.

Baixo a presidencia do Sr. alcalde, asistidos por min a secretaria xeral, D<sup>a</sup> Berta Alonso Soto e a interventora, D<sup>a</sup> M<sup>a</sup> Jesús Piñeiro Bello, coa finalidade de realizar sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, convocada para o día de hoxe, en primeira convocatoria.

Comprobada a existencia de quórum suficiente, pola Presidencia declárase aberta a sesión, coa seguinte:

ORDE DO DÍA

**1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR REALIZADA O DÍA 27 DE OUTUBRO DE 2014**

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acordou, aprobar o borrador da acta da sesión anterior da Xunta de Goberno Local, realizada o día 27 de outubro de 2014.

**URBANISMO E VIVENDA**

**2º.- INFORME PROPOSTA DE RESOLUCIÓN DO DÍA 6 DE NOVEMBRO DE 2014, DA XEFA DE URBANISMO S/OUTORGAMENTO DE LICENZAS DE OBRAS E DE APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

**2.A) APROBACIÓN DOS SEGUINTEs EXPEDIENTES DE OBRAS:**

2.A.1) LICENZA DE OBRAS MAIORES.- Examinados os expedientes de obras tramitados a instancia de parte, e tralos informes técnicos e xurídicos a eles incorporados, a Xunta de Goberno Local acordou o seguinte: outorgar as seguintes licenzas urbanísticas, deixando a salvo o dereito de propiedade e os de terceiros. O acto de edificación ou uso do solo realizarase de conformidade coa documentación presentada, coas condicións particulares e coas seguintes condicións xerais:

1ª.- Os efectos das licenzas que se conceden, son puramente urbanísticos, a reserva e con absoluta independencia da obriga inescusable que recae nos seus titulares de obter, de ser o caso, as preceptivas autorizacións dos outros organismos con competencias concorrentes nesta cuestión (Xefatura Provincial de Estradas, Deputación Provincial, Autoridade Portuaria de Vigo, Xefatura de Costas de Pontevedra, Comisión Provincial de Patrimonio Histórico-Artístico, etc.).

2ª.- Advirtéselle ó/á interesado/a que esta licenza carece de validez en tanto o/a técnico/a aparelador/a municipal non efectúe a operación de "tira de cordas", polo que o/a interesado/a deberá solicitar que esta se leve a cabo antes de comezar as obras.

3ª.- Deberá presentar no concello tres informes por escrito do estado das obras e da súa adecuación ó proxecto e á licenza municipal na que se abeiran, nas seguintes fases da obra:

- a) Cando as fábricas, tanto interiores como exteriores, estean iniciadas sobre o rasado da cimentación.
- b) Cando estea rematada a estrutura do teito correspondente á altura total da edificación.
- c) Cando estea finalizada a obra.

4ª.- Antes do inicio das obras deberá colocarse un valado de protección, que non poderá impedir o tránsito público para o que deberá obter, previamente, licenza municipal. O valado deberá acomodarse ás prescricións de seguridade do persoal empregado nas obras e para as persoas que transiten pola vía pública.

5ª.- Deberá colocarse un cartel de dimensións mínimas de 1,70 x 0,84 metros, onde figure o número e data da licenza, número de andares e nomes do promotor, arquitecto, aparelador e constructor. O titular da licenza adoptará toda as medidas de seguridade previstas na normativa vixente.

6ª.- Deberá ter, na obra, a licenza e o proxecto selado polo concello a disposición dos funcionarios municipais.

7ª.- De conformidade co disposto no artigo 35 do R.d.I. 1/92, do 26 de xuño, os prazos de iniciación, interrupción máxima e remate das obras, fíxanse en:

- a) Iniciación: dentro dos doce meses seguintes ó outorgamento da licenza.
- b) Interrupción máxima: seis meses, debendo comunicárselle ó concello. Indícase que, con carácter excepcional e por só unha vez, outorgarase prórroga cando se xustifique que a interrupción obedeceu a motivos de forza maior.
- c) Remate das obras: dentro dos trinta e seis meses seguintes ó outorgamento da licenza.

8ª.- A edificación non poderá ser ocupada en ningún dos seus andares ata que as obras estean completamente rematadas, nese momento solicitaráselle ó concello a preceptiva licenza de primeira ocupación, achegando certificado de final de obra asinado polos directores desta e visado polos colexios correspondentes. En dito certificado especificarase que as obras se axustan ás condicións da licenza municipal e, así mesmo, achegarase documento acreditativo de que a obra foi dada de alta para os efectos do imposto sobre bens inmobles e escritura de división horizontal ou de declaración de obra nova, segundo os casos.

9ª.- O comezo da obra e a efectividade da licenza estará condicionada, en todo caso, á presentación no concello de un exemplar do proxecto de execución.

10ª.- Cando nas proximidades das obras que se autorizan existan instalacións de redes de servizos públicos que poidan resultar afectadas pola realización das obras, o titular da licenza daralle conta diso ó concello e estará obrigado a repoñer, ó seu estado anterior, os desperfectos que puidesen ocasionarse, ou sufragar os gastos. Suspenderase a efectividade da licenza concedida mentres non se cumpra a obriga citada.

11ª.- Toda variación que se produza no proxecto presentado, así como, na dirección técnica ou empresa constructora, deberá selle comunicar ó concello para a súa conformidade.

12ª.- Antes de comezar a construción a que fai referencia esta licenza, o/a promotor/a das obras deberá instalar no límite da parcela contiguo ó camiño ó que dá fronte, un foxo de formigón protexido cunha reixa co único fin de limpiar as rodas dos vehículos que se empreguen na obra, especialmente en épocas de choiva, co obxecto de evitar a perda de area nos viais de comunicación co conseguinte risco para a circulación rodada.

\* Calquera dos incumprimentos do condicionado suporá a SUSPENSIÓN INMEDIATA das obras, de conformidade co indicado no art. 209.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de ordenación urbanística e protección do medio rural de Galicia.

\*\*\*

## MAIORES

EXPEDIENTE N° 20.096.- LICENZA MUNICIPAL N° 19.738.- A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada do cambio de titularidade da licenza municipal de obras referida que ata a data figuraba a nome de Ana Maria Liñares Mansilla e que pasa a LARPRO ENGINEERING S.L., con enderezo en Camiño Figueirido 2 - 36209 - Vigo.

EXPEDIENTE N° 24.810.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.725.- A Xunta de Goberno Local acorda quedar enterada do cambio de titularidade da licenza municipal de obras referida que ata a data figuraba a nome de Juan M. Iglesias Pórtela e que pasa a Celia Maria Iglesias Franco e Xoan Santamaría Pazos, con enderezo en Aragón 2 - 4o I 36940 - Vigo.

EXPEDIENTE N° 24.056.- O recurso potestativo de reposición interposto por Manuel Baqueiro Mendez, con enderezo en Costa 2 - Portal 6 - 4o A - 36213 - Vigo, contra acordo da Xunta de A Xunta de Goberno Local, de data 9 de setembro de 2.014, estimase en parte, de conformidade co informe emitido o respecto polo Xefe do Negociado de Disciplina Urbanística no sentido en que tamén procede a devolución do ICIO por importe de 221 euros abonado por recibo n° 1443000104 por non executarse as obras de demolición solicitadas.

Non procede a devolución da taxa polos mesmos motivos aducidos no anterior acordo nin a devolución do recargo do 5%, ó estar debidamente notificada a liquidación o 8 de abril de 2.014, que por causas axenas a esta Administración non foi abonada en período voluntario.

EXPEDIENTE N° 24.374.- LICENZA MUNICIPAL N° 23.378.- A Maria Isabel e Daniel Perez Milán, con enderezo en San Xosé 58 - 2° Esq. - Cangas, modifícaselle a referida

licenza no sentido en que tamén se autoriza a construción de un muro de contención de 93,00 metros, de conformidade coa documentación presentada.

EXPEDIENTE N° 25.055.- A Emilio Soage Fernandez, con enderezo en San Xosé 45 - baixo - Cangas para no referido lugar, en solo urbano, regulado pola ordenanza 3, dividir un local na planta baixa quedando dous locais de 57, 70 e 78, 08 m2, de conformidade co proxecto do aparellador José Ponce Yañez.

EXPEDIENTE N° 25.164.- A Emilio Soage Fernandez, con enderezo en San Xosé 45 - baixo - Cangas para para no referido lugar, en solo urbano, regulado pola ordenanza 3, acondicionar un local para vivenda de 57, 70 m2, de conformidade co proxecto do aparellador José Ponce Yañez, de xullo de 2.014.

## PARCELACIONES URBANISTICAS

Abstención de Rafael Soliño Costas.

EXPEDIENTE N° 25.291.- Visto o expediente de solicitude de licencia de parcelación urbanística que promove Manuel González Iglesias, con enderezo en Baixada a Francón 2 Aldan, e que consiste nunha división en 4 parcelas netas n° 1 de 960, 50 m2, n° 2 de 964, 15 m2, n° 3 de 950, 00 m2 e n° 4 de 1048, 05 m2 e 3 parcelas de cesión o vieiro, n° 5 de 15,45 m2, n° 6 de 11,45 m2 e n° 7 de 1,25 m2, procedentes de unha finca matriz de 3.950,85 m2, sita en Camiño de Baixada a Francón - Aldan.

Vistos os informes técnicos emitidos, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda:

Primeiro.- Outorgar licencia municipal de parcelación no predio indicado, de conformidade co proxecto presentado, de setembro de 2.014, redactado polo aparellador Rafael Soliño Costas.

Segundo.- Como consecuencia das alineacións a que debe axustarse a parcelación, teñen que incorporarse a vía pública as parcelas n° 5,6 e 7.

Terceiro.-Declarar a indivisibilidade das parcelas netas de resultado.

\*\*\*

2.A.2) DENEGACIÓN DOS SIGUIENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.3) INFORMACIÓN URBANÍSTICA DOS SIGUIENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.4) PARCELACIONES URBANÍSTICAS DOS SEGUENTES EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.5) ARQUIVO DE EXPEDIENTES DE OBRAS:

2.A.6) EXPEDIENTES DE OBRAS PENDENTES SOBRE A MESA:

\*\*\*

## **2.B) APERTURAS DE ESTABLECEMENTOS**

EXPEDIENTE N° 1.418.- A Xunta de Goberno Local acoda aceptar a . renuncia formulada por David Alvarez Carracelas, con enderezo en Freixo 19 porta 3, 2o F - Cangas, á licenza de apertura de establecemento adicado a café -bar, sito en rúa Lirio 11 baixo, autorizada pola Xunta de Goberno Local de data 4 de setembro de 2.010.

## **3°.- DACIÓN DE CONTA DAS DECLARACIONES PREVIAS DE OBRAS E ACTIVIDADES**

Dase conta a Xunta Goberno Local das seguintes de comunicacións previas:

### **OBRAS**

EXPEDIENTE N° 25.052.- Pilar Blanco Piñeiro, cerco e portal en Lapiña - Nerga.

EXPEDIENTE N° 25.226.- Angel Menduiña Fernandez, cambio de tella en Vilalriño 21 - Hio.

EXPEDIENTE N° 25.234.- José Antonio Outeiral Souto, reparación cuberta e fachada en Buenos Aires 9 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 25.239.- HERA TRATESA S.A.Ü., sondeos en estación de servizo en Magdalena - Darbo.

EXPEDIENTE N° 25.255.- GAS GALICIA S.D.G. S.A., canalización en rúas Pablo Iglesias e Antonio Gare iVI.

EXPEDIENTE N° 25.268.- COMUNIDADE DE PROPIETARIOS LIRIO, limpeza de fachadas en Lirio 2 - Cangas.

### **ACTIVIDADES**

EXPEDIENTE N° 1.739.- María Jesús Senin Vigo, oficina farmacia en Avda. Da Coruña 10 - baixo - Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.748.- Lona Rahaman, kebak en Avda. De Marín 71 - Cangas.

EXPEDIENTE N° 1.767.- Eva González Bernárdez, clases de artes plastica e venda de artesanía.

EXPEDIENTE N° 1.771.- Esteban Malvido Rodríguez, venda de artigos do outomovil e cambio de neumáticos en Avda. Ourense 93 - Cangas.

Cangas, 6 de novembro de 2.014 A XEFA DO SERVIZO DE URBANISMO

#### **4° .- EXPEDIENTES DE DISCIPLINA URBANÍSTICA**

##### 4.A) PROPOSTA DO INSTRUTOR S/EXPEDIENTE DE INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 26/2011

Dase conta de proposta do instrutor do día 4.11.14 referente ó expediente de infracción urbanística n° 26/2011, que é como segue:

*"EXPEDIENTE SANCIONADOR POR INFRACCIÓN URBANÍSTICA N° 26/2011*

##### *PROPOSTA DE SANCIÓN PARA A XUNTA DE GOBERNO LOCAL*

*Visto o expediente de referencia iniciado por acordo da Xunta de Goberno Local do día 24 de marzo de 2014, resulta que:*

*PRIMEIRO.- Por parte de 'Promociones Xucaba, S.L.', e segundo consta no expediente anterior de restauración da legalidade urbanística, efectuáronse no lugar de Ramal do Paraíso, n° 9-Darbo, obras consistentes en construción de dúas vivendas adosadas abeiradas na licenza n° 21.138, sen axustarse aos termos que figuran na licenza de parcelación n° 20.715, que establece unha distancia de 4,00 m., da edificación existente na parcela primitiva, que xunto aos 3,00 m., que deben recuar as vivendas realizadas quedarían 6,00 m., entre edificacións sendo a distancia real de 4,80 m. Así mesmo o recuado da aliñación dunha das edificacións é de 2,00 m., non cumprindo os 3,00 m. do proxecto, sendo a construción de carácter ilegalizable.*

*SEGUNDO.- Dentro do prazo outorgado neste expediente sancionador para formular alegacións ou para aportar documentos e informacións, o interesado non presenta escrito de alegacións.*

*TERCEIRO.- Que se ten que declarar probado sen necesidade de práctica de proba a existencia de obras, o que constitúe unha infracción urbanística tipificada no artigo 216*

*da Lei 9/02, do 30 de decembro, do solo de Galicia, podendo clasificarse como grave, segundo o determina o artigo 217.3. da mesma norma citada.*

*CUARTO.- Que 'Promociones Xucaba, S.L.', na súa calidade de promotor é responsable directo da referida infracción.*

*QUINTO.- Que de acordo co establecido nos artigos 220 da Lei 9/02, e 55 do Regulamento de disciplina urbanística a entidade da infracción cometida, en canto á gravidade da materia se refire, é o suficientemente importante para graduar a sanción a impoñer na súa contía 6001 euros.*

*SEXTO.- Que de conformidade co sinalado no art. 19.2 do R.D. 1398/93, do 4 de agosto, polo que se aproba o Regulamento do Procedemento para o Exercicio da Potestade Sancionadora, cabe prescindir do trámite de audiencia sinalado no apartado 1 do artigo citado.*

*Visto o Decreto da Alcaldía de data 16 de xuño de 2011, polo que se delega na Xunta de Goberno Local a tramitación dos expedientes sancionadores en materia de disciplina urbanística, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:*

*\* Impoñer a 'Promociones Xucaba, S.L.', na súa calidade de promotor unha multa sancionadora de SEIS MIL UN EUROS (6 001,00 €) por infracción ao ter cometido obras no lugar de Ramal do Paraíso, nº 9-Darbo, consistentes en realizar a construción de dúas vivendas adosadas abeiradas na licenza nº 21 138, sen axustarse ós termos que figuran na licenza de parcelación nº 20 715, que establece unha distancia de 4,00 m. da edificación existente na parcela primitiva, que xunto aos 3,00 m., que deben recuar as vivendas realizadas quedarían 6,00 m., entre edificacións sendo a distancia real de 4,80 m. Así mesmo, o recuado da aliñación dunha das edificacións é de 2,00 m., non cumprindo os 3,00 m. do proxecto.*

*O que se lle notifica, significándolle que dispoñen do prazo de 15 días, dentro do cal poderán formular as alegacións e presentar os documentos e informacións que estimen pertinentes, para tales efectos,ponse de manifesto o expediente para que poidan examinalo e, de ser o caso, obter as copias dos documentos que constan neste durante o expresado prazo, de conformidade co disposto no artigo 19 do Regulamento do procedemento para o exercicio da potestade sancionadora.*

*Una vez concluído o devandito prazo, a proposta de resolución será elevada ao órgano competente para resolver o procedemento, xunto cos documentos, alegacións e informacións que consten neste.*

*De conformidade coa disposición adicional 5 da Lei 9/02, do 30 de decembro, advírtese ao interesado que a presente multa reducirase na súa contía nun 30 por cento, se é pagada no prazo de quince días a partir da notificación da multa e o infractor amosa*

*por escrito a súa conformidade con esta e renuncia expresamente ó exercicio de toda acción de impugnación no referido prazo."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta do instrutor transcrita anteriormente, referente a expediente sancionador por infracción urbanística nº 26/2011.

## **EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO**

### **5º.- PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDES DE TRANSMISIÓN DE POSTOS DE VENDA AMBULANTE**

Examinada a proposta do día 6.11.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitudes de transmisión de postos de venda ambulante, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELLEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DO POSTO DE VENDA AMBULANTE N° 85 (V-14/066)*

#### **ANTECEDENTES:**

*1º.- Por escrito de rexistro de entrada do día 17/10/2014, MUSTAFÁ FALL NDIAYE, con DNI39457668H e enderezo en R. Enrique Lorenzo nº 23-baixo-Vigo, solicita o cambio de titularidade do posto do que é titular a favor do seu fillo MOR FALL, con documento de identificación nº X2839418E, domiciliado no mesmo enderezo, que manifesta a súa intención de adquirir dita autorización.*

*2º.- A solicitude anterior foi completada o 03/11/2014 achegando documentación acreditativa dos requisitos necesarios para que se produza a transmisión.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

*I.- A Lei 13/2010 de Comercio Interior de Galicia, establece, no seu artigo 76, que as licenzas serán transferibles a outras persoas físicas ou xurídicas que cumpran os requisitos establecidos no artigo 72.2 da citada norma, previa comunicación á administración competente.*

*II.- O artigo 16 da vixente ordenanza municipal reguladora da venda ambulante no termo municipal de Cangas (BOP 25/04/2013) nesa mesma liña prevé a transmisibilidade das autorizacións municipais de venda ambulante cumprindo cos*



*requisitos establecidos no mesmo polo tempo restante da licenza e previa satisfacción da taxa correspondente.*

*III.- No presente caso, vista a documentación presentada xunto coa solicitude, danse as circunstancias para outorgar a transmisión solicitada a favor do adquirente, MOR FALL, con documento de identificación nº X2839418E.*

*IV.- O órgano competente para autorizar a transmisión que se comunica é a Xunta de Goberno Local con base no disposto no artigo 16.2 da ordenanza municipal.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.-* *Estimar a solicitude de cambio de titularidade da autorización de venda ambulante do posto nº 83 do mercado do venres, do que era titular, MUSTAFA FALL NDIAYE a favor de MOR FALL, adoptando as disposicións oportunas para a súa formalización.*

*SEGUNDO.-* *Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Concellería de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, e Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, transcrita anteriormente, referente a solicitude de transmisión de posto de venda ambulante.

## **6º.- PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO S/SOLICITUDES DE TRANSMISIÓN DE POSTOS DA PRAZA DE ABASTOS MUNICIPAL**

Examinada a proposta do día 6.11.14 da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, referente a solicitudes de transmisión de postos de venda da Praza de Abastos Municipal, que di o seguinte:

*"PROPOSTA DA CONCELEIRA DE EMPREGO, INDUSTRIA, COMERCIO, CONSUMO E TURISMO RELATIVA A AUTORIZACIÓN DA TRANSMISIÓN DO POSTO DE VENDA DE PEIXE Nº I DO MERCADO MUNICIPAL DE ABASTOS (V-14/065)*

### **ANTECEDENTES:**

*I.- Por escrito de rexistro de entrada nº 12684 de 03/11/2014, CECILIA RODAL GERMADE, DNI 36079612H, con enderezo a efectos de notificacións en Meiro, nº 19-Bueu, e súa nai BASELISA GERMADE CHAPELA, DNI 36079612H, manifestan a súa*

*intención de adquirir a primeira a concesión sobre o posto de venda de peixe n° 1, do que é titular a segunda na praza de abastos por concorrer a circunstancia prevista no artigo 31.3.a) do Regulamento do Mercado de Abastos de Cangas (parentesco dentro do 3° grao).*

*II.- Ao escrito anterior achégase a documentación xustificativa do parentesco, copia do DNI da adquirente, xustificante de que a adquirente está de alta na Seguridade Social, copia do diploma de manipuladora de alimentos e xustificante do ingreso da taxa por transmisión do posto.*

#### **CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS:**

*PRIMEIRO.- O Regulamento do Mercado Municipal de Abastos de Cangas vixente regula a transmisión dos postos nos artigos 30 e seguintes. En concreto o artigo 30, establece: 'A transmisión dos postos deberá realizarse da maneira que dispón o artigo seguinte, quedando prohibida calquera outro tipo de transmisión.' O artigo 31, entre os supostos admitidos de transmisión establece no seu apartado 3.a) o suposto de transmisión inter vivos a favor de parentes ata o 3° grao.*

*A continuación o citado artigo dispón que: 'No suposto terceiro de transmisión inter vivos, deberá comunicarse ao concello a intención de transmisión da concesión sobre o posto, mediante escrito dirixido ao concello, onde o transmitinte e o que pretendan adquirir manifesten que teñen a intención de transmitirlo e que acrediten se se dan algunha das circunstancias que xustifican a transmisión inter vivos. Se o concello autoriza a transmisión, dispón dun prazo de dous meses desde a notificación da autorización para comunicar que se realizou. De non comunicarse nese prazo, enténdese que non se levou a cabo, e debe solicitarse unha nova autorización para que se transmite a concesión. En tanto non se comunique que se formalizou a transmisión inter vivos, enténdese que o concesionario é o anterior a autorización municipal para todos os efectos. O que pretende sucederlle no posto, non pode en tanto non se formalice e o comunique ao concello no prazo indicado adquirir dita condición e polo tanto adquirir o posto, no suposto terceiro de transmisión inter vivos.'*

*Respecto da autorización municipal o artigo 33 dispón que: " (...) Calquera transmisión ou gravame require da autorización previa nos termos previstos no artigo 31 e 32.*

*Se se leva a cabo sen autorización previa determina a extinción sen dereito a indemnización."*

*SEGUNDO.- Do que antecede e segundo a documentación que se achega resulta que estamos ante un suposto de transmisión dos postos na praza permitido no regulamento, en concreto no suposto de transmisión íter vivos por parentesco dentro do 3° grao, condición esta que se acredita coa solicitude de autorización.*

*TERCEIRO.- A Xunta de Goberno Local é o órgano competente para autorizar a transmisión de postos no mercado segundo o disposto no apartado D) do artigo 28 do regulamento, polo que de acordo cos antecedentes e consideracións xurídicas efectuadas cabe outorgar a autorización solicitada.*

*CUARTO.- De acordo co disposto no artigo 30 do regulamento de perfeccionarse a transmisión o novo titular sucederá en todos os dereitos e obrigas ao anterior titular. Respecto da duración da concesión transmitida contará para o novo concesionario desde a data de inicio da concesión e non desde a transmisión.*

*Dito o que antecede elevo para a súa aprobación pola Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de ACORDO:*

*PRIMEIRO.- Autorizar a transmisión da condición de concesionario do posto n° 1 de venda de peixe do Mercado Municipal de Abastos de Cangas do que é titular, BASELISA GERMADE CHAPELA, DNI 36079612H, a favor de CECILIA RODAL GERMADE, DNI 36079612H, debendo comunicar ao concello no prazo de dous meses desde a notificación do acordo de autorización que a transmisión se realizou.*

*SEGUNDO.- Notificar o presente acordo aos interesados, así como á Tesourería."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a proposta da concelleira de Emprego, Industria, Comercio, Consumo e Turismo, transcrita anteriormente, referente a solicitude de transmisión de postos de venda da Praza de Abastos Municipal.

## **CONTRATACIÓN**

### **7º.- DACIÓN DE CONTA DE RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA S/ADXUDICACIÓN DO CONTRATO DE SERVIZO DE MONITORES/AS DOS CURSOS DE PERSOAS MAIORES 2014/2015**

Dáse conta de resolución da Alcaldía do día 4.11.14, referente a adxudicación do contrato de servizo de monitores/as dos cursos de persoas maiores 2014/2015, que é como segue:

*"Efectuado requirimento ao licitador que efectuou a oferta máis vantaxosa para que, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP, dentro do prazo de diez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel en que recibise o requirimento, presentara a documentación preceptiva, por 'XESTIÓN CULTURAL AUREA, S.L.', presentouse en data a 3 de novembro de 2014 a sinalada documentación.*

*Despois de examinar a documentación achegada, de conformidade co establecido na disposición adicional segunda do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, RESOLVO:*

*PRIMEIRO.- Adxudicar a 'XESTIÓN CULTURAL AUREA, S.L.'; con CIF núm. B-36394203, o contrato do servizo 'Monitor/es dos cursos de persoas maiores para o período 2014/2015'; por procedemento negociado sen publicidade, por importe de TRINTA E CINCO MIL SEISCENTOS CORENTA E UN EUROS CON TRINTA E DOUS CÉNTIMOS (35.641,32 €) (IVE do 21%).*

*SEGUNDO.- Notificar ao adxudicatario do contrato a presente resolución e citarlle para a sinatura do contrato.*

*TERCEIRO.- Que se lle comuniquen os datos básicos do contrato ao Rexistro de Contratos do Sector Público, de conformidade co disposto no artigo 333.3 do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda aprobar integramente a resolución da Alcaldía transcrita anteriormente, referente a adxudicación do contrato de servizo de monitores/as dos cursos de persoas maiores 2014/2015.

## **ADMINISTRACIÓN LOCAL E FACENDA**

### **8º.- INFORMES DE TESOURERÍA S/DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

#### **8.A) APROBACIÓN DE SOLICITUDES DE DEVOLUCIÓN DE GARANTÍAS**

Examinados os informes emitidos pola Tesourería Municipal, referente a diversas solicitudes de devolución de garantías por realización de obras.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, e de conformidade cos informes favorables da Tesourería Municipal, acorda aprobar as solicitudes de devolución de garantías ós seguintes solicitantes:

<b>SOLICITANTE</b>	<b>GARANTÍA</b>	<b>IMPORTE</b>	<b>OBXECTO</b>
<b>AQUALIA</b>	<b>FIANZA</b>	<b>16.343,75 €</b>	<b>SUBSTITUCIÓN POR AVAIS DA CONCESIÓN DO CICLO INTEGRAL DA AUGA</b>
<b>OBRAS Y EDIFICACIONES SEIXO, S.L.</b>	<b>AVAL</b>	<b>9.720,23 €</b>	<b>CONSTRUCCIÓN DE PAVILLÓN DO CEIP DO HÍO</b>

## **URXENCIAS**

### **ASUNTOS FÓRA DA ORDE DO DÍA**

Trala declaración da urxencia, por unanimidade dos/as Sres./as concelleiros/as asistentes, (art. 83 R.d. 2568/1986, do 28 de novembro), adoptáronse os seguintes acordos:

#### **A) SOLICITUDE DA COORDINADORA DE CONFRARÍAS DA SEMANA SANTA DE CANGAS S/CESIÓN DE LOCAL PARA A PREPARACIÓN DE EVENTOS RELACIONADOS COA SEMANA SANTA**

Visto o escrito presentado o día 6.11.14 por MANUEL GIL FANDIÑO e CARLOS HERMELO GARCÍA, en representación da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, no que solicitan a cesión de local para a preparación de eventos da Semana Santa, que di o seguinte:

*"Manuel Gil Fandiño, D. Carlos Hermelo García, en representación da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, con CIF nº R-1500020-A,*

*EXPÓN:*

*Unha vez reunidos, nun aloxamento da vila, os representantes de cada unha das confrarías canguesas, Confraría da Misericordia, Asociación do Santísimo Cristo do Consuelo, Irmandade da Virxe dos Dolores e da Soidade e Agrupación de San Pedro, e Confraría de Jesús Resucitado, compoñentes todos eles da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, establecen resolver a falta de espazo para vindeiras reunións e xuntanzas de traballo. Por mor da organización dos actos da Presentación da Semana Santa de Medina del Campo en Cangas, prevista para o vindeiro mes de marzo, xunto coa elaboración e desenvolvemento da candidatura da Vila de Cangas ao Encontro Nacional de Confrarías Penitenciais de Semana Santa, é necesario establecer un lugar como punto de reunión e base de operacións, polo que SOLICITA:*

*A cesión do baixo situado na Casa de Barbicas (antiga oficina de turismo) pola súa estratéxica situación ao lado da Ex-Colexiata Santiago de Cangas, lugar onde se celebrarán algúns dos eventos programados, para a preparación, organización e desenvolvemento das actividades anteriormente sinaladas."*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda aprobar a solicitude da Coordinadora de Confrarías da Semana Santa de Cangas, no que solicitan a cesión de local para a preparación de eventos da Semana Santa, e polo tanto, ceder o baixo da Casa de Barbicas, con carácter precario, con motivo de preparación dos eventos da Semana Santa-2015.

## **B) SOLICITUDE DE MANUEL CANOSA PIÑEIRO S/CONCESIÓN DE DOUS NICHOS NO CEMITERIO MUNICIPAL DE ALDÁN.**

Vista a solicitude presentada o día 14.10.14 por MANUEL CANOSA PIÑEIRO, DNI nº 35.920.505-W, con enderezo en Estrada de Bueu, nº 23-A-Cangas, na que demanda a tramitación do correspondente documento no que se lle acredite a cesión administrativa de dous nichos sitos no bloque N, panteón nº 28-letras C e D, do Cemiterio de Aldán.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 15.6.11, acorda:

PRIMEIRO.- Aprobar a solicitude do Sr. Canosa Piñeiro, para concesión de dous nichos no Cemiterio de Aldán.

SEGUNDO.- Que polos departamentos correspondentes se proceda á tramitación do correspondente documento de cesión administrativa de dous nichos sitos no bloque N, panteón nº 28-letras C e D, do Cemiterio Municipal de Aldán.

## **C) EXPEDIENTE PUSIM CASA DO MÉDICO**

\*\*\*pte. \*\*

\*\*\*POÑER EN TÓDOLOS ACORDOS A SEGUINTE FRASE:\*\*\*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos seus membros presentes, por delegación realizada en Resolución da Alcaldía do 16.6.11, acorda o seguinte:

### **ROGOS E PREGUNTAS.**

Non se formularon.

Sen máis asuntos que tratar, a presidencia remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

a secretaria

Visto e prace  
o presidente